

Neste traballo, eu decidín entrevistar ao meu avó materno, Carlos Castro, que viviu algunhas épocas relacionadas coa guerra civil: o franquismo e a transición. El faloume de varios temas que lembra sobre esos tempos, como o medo, o golpe de estado, e o estraperlo, no que estivo implicado, e contoume varias anécdotas acerca diso, que citarei aquí tamén.

O meu avó naceu no ano 1935, pouco antes de comezar a guerra civil, que rematou no 1939, sendo el aínda moi pequeno, polo que desta época non lembra case nada. O único que me contou é que o seu pai era camioneiro, así que non o mandaron ao fronte, senón ao transporte de mercancías. O seu pai era un home que nunca se metía en líos e coidábase de dicir o xusto, mais, xa na posguerra, tivo que agocharse no monte porque fóranos buscar á casa para un “paseo”. “Paseo” é unha forma do pobo de chamarlle aos fusilamentos que se facían á xente por ter uns ideais distintos ao imposto por Franco. Chámaselle “paseos” xa que cando se pensaba que alguén era contrario ao franquismo, íano buscar e sacábano da casa dicíndolle que ían dar un paseo, e logo os mataban, para que Franco poidera gobernar tranquilo. O meu avó díxome que na Guarda mataran a varias persoas desta forma, mais neste pobo dominaba a tranquilidade, un silencio absoluto. Máis que medo, moito respecto hacia as autoridades. Se a xente quedaba calada e non dicía o que pensaba realmente, non había perigo de que os fusilasen ou torturasen. Non había nin comentarios nin manifestacións nin nada que conleva risco para alguén, e o pobo obedecía completamente a garda civil. Cando había festa, a garda dicía: Ás dúas da mañá rematades. E as dúas en punto terminaban a verbena. Se alguén se pasaba, mandábano ao cuartelillo e dábanlle unha boa paliza, que ademáis, cuartelillos habíaos en todas as localidades. Os nenos nin sequera pensaban porque xa non se lles educaba de tal forma nin na escola nin na casa para que pensasen pola súa conta, o único que había era o Réxime Franquista. Carlos contoume algunhas memorias que ten da súa nenez na posguerra. Lembra que de cando en vez pasaban tanques a carón da casa onde vivía, e disparaban. El era pequeno e non chegou a saber con que fin disparaban, mais podería ser tanto para prácticas de tiro como por pura diversión.

Daquela o país enteiro estaba sometido a moita fame, xa que a guerra deixou todo arrasado. Iso si, algúns pasábano peor que outros neste aspecto. Por exemplo, a súa muller, a miña avoa Visitación, era filla dunha familia non demasiado numerosa, e o pai traballaba no mar, mais sen embargo, Carlos era un de outros sete irmáns, e manter unha familia tan numerosa era bastante complicado, e seguirá sendo.

Lembra tamén que no monte de Santa Tecla había un campamento militar. El e algúns nenos máis ás veces pasaban por alí, e os militares dábanlle algo de comida, como pan. E falando de pan, era do pouco que tiñan para comer, e era o que daban as nais dos nenos para merendaren na escola. O que pasa é que ese pan nunca chegaba ao momento de merendar porque o comían antes de entrar na escola, ou ben por fame, ou porque se non o comían pronto, outros nenos máis grandes quitaríanllo para comeren eles. Ademais, a nai do meu avó, tiña que gardar o pan baixo chave porque entre os sete irmáns remataban con el, mais os nenos aprenderon a abrilo cunhas tesoiras e o pan desaparecía. E ao non saír o culpable, mandábanos poñerse en fila para que o pai lles pegara un por un. Ocorría o mesmo cos ovos do galiñeiro.

A continuación, pregunteille ao meu avó sobre a morte de Franco, que foi en novembro do 1975, tiña meu avó daquela 40 anos. Non me contou demasiada cousa sobre o seu falecemento porque tampouco sabe. Lembra o que saíu nas noticias, Arias Navarro, que daquela era presidente do Goberno de España, que anunciou a súa morte e un discurso sobre a tristeza e a dor de España pola súa orfandade. Supoño que habería xente doída, e outra moita, aliviada, mais nos pobos, o silencio seguía a ser total. Logo, xa entrada a transición foi cando se legalizou o partido comunista e outros e entón comezaron a facerse manifestacións e comezaron a espertar.

Máis adiante, o 23 de febreiro de 1981, cometeuse o golpe de estado de Tejero no Congreso. Daquela o meu avó tiña uns 45 anos. Non sabía nada do asunto cando ía conducindo o autobús ca radio encendida. Normalmente había noticias e programas, mais ese día só soaban marchas

militares. E el, animado pola música, ía coa radio a todo gas. Despois, xa de volta para a casa, na radio comezaron a falar pero cortábase todo o tempo. E foi ao chegar á Guarda cando se enterou de que o que sucedera fora o golpe de estado. Algúns dos pasaxeiros que escoitaban a música do autobús saberían do asunto, mais daquela as noticias non se difundían tan rapidamente. Do golpe de estado, meu avó lembra tamén que chamaron aos do sindicato para que fosen á sede, en Vigo, e cando chegou alí atopouno todo pechado, e fixeran desaparecer moitos papeles, xa que o sindicato estaba relacionado cun partido político de extrema esquerda.

Como xa dixen antes, os tempos da posguerra foron difíciles, xa que a guerra arrasou con todo o país e, había moitas cousas que en España había en pouca medida e sen embargo noutros países cercanos sí, polo que había bastante estraperlo, que é o comercio ilegal de diferentes tipos de bens. Co que se comerciaba eran cousas coma o café, o cobre, o xabón, etc. Cousas que non son perxudiciais para ninguén, mais no estraperlo transportábanos sen pagar impostos ao estado, o que converte a esa mercancía en ilegal. Como curiosidade, contoume o meu pai que a palabra “estraperlo” ven de “Strauss and Perlowitz” que eran dous holandeses que tras sobornar a políticos influíntes, trouxeron unha ruleta eléctrica trucada a España.

A xente que transportaba dita mercancía ilegal, agochábano o mellor que puideran, pois, se a garda civil os cachaba, quitábanllo todo e pagarían unha boa multa, mais se non os collían, gañaban diñeiro. Algúns o sabían polos “chivatazos”, que outra xente lles dicía que según que camión levaba mercancía ilegal, polo motivo que fose. Pero non só traficaban con camións e vehículos propios, tamén en barcas dende Portugal, e a pé. Carlos foi conductor de autobús, e contoume que ás veces, tiña só 10 ou 15 pasaxeiros, mais notaba que o bus non daba todo de sí, como se pesase. E era porque habería unhas cantas persoas que levaban varios quilos de chatarra enriba, en bolsillos secretos do abrigo, que levaban a Vigo para fundir. Algúns levaban decenas de quilos. Houbo unha época, na ditadura de Franco, que o meu avó traballaba nua empresa de mercancías na Guarda, e case todos os días levaba productos de contrabando no camión, ou ben por propia decisión ou porque o seu xefe llo dicía. E deste asunto contoume varias anécdotas a cada cal máis curiosa.

Algunhas veces, os gardas que os paraban sabían que levaban mercancía ilegal, mais querían unha parte, como lle pasou unha vez a Carlos. El levaba 20 kg de café escondidos no camión. Debaixo do asiento había un caixón que tiña unha caixa de ferramentas, e debaixo de esa caixa había outra, unha segreda, na que tiñan agochado o café. E colocaban o asiento e non se vía nada. Pois á metade do camiño, parounos un garda civil. Díxolles: “— Levades café?; — Non, non levamos nada”. Entón o home mandoulles levantar o asiento. Despois, remexeu un pouco na caixa de ferramentas mais non a levantou. E púxose a cantar: “O paxaro de María anda nas miñas cereixas, come, come paxariño, hei de ver as que me deixas”. O que quería o garda era que lle dese algo das súas ganancias, e o meu avó botouse a rir. Había algúns gardas que eran bos e outros non tanto.

Noutra ocasión, un día coma calquera outro no que levaban café para Vigo, tiveron que parar nun sitio antes, para descargaren o peixe, que era o que levaban legalmente. E entón apareceron dous gardas de Aduanas e díxéronlles: “— Podemos ir convosco para ver o que tendes no camión? — Sí, sí, como non, vinde”. Eles levaban cemento, o peixe, e debaixo, o café. A cabina do camión era estreita, e non había sitio dabondo para todos, entón o cargador foi para atrás, onde a mercancía. Nun momento que os homes de Aduanas estaban despistados, Carlos díxolle ao compañeiro que iba detrás: “Tira co café onde sexa, que non che cachen.” Puxéronse en marcha, o meu avó ao volante e os de aduanas ao lado, e niso que ve polo espello retrovisor ao seu compañeiro correndo que se mataba cun saco ás costas, que deixou tirado nun salón de festas que seguía aberto, ás oito da mañá. E volve o pobre home correndo como podía, para subir de novo ao camión. Ao pasaren por outra sala de festas máis, volveu o cargador a correr e tirou co saco no portal, e volta ao camión. Foron deixar o cemento, quedara o camión baleiro, e entón os gardas, despois de miralo, din: “Perdoade, que non levades nada raro”. E marcharon os de aduanas e o meu avó a correr co camión cara as

salas de festas para ver se seguía alí o café... E colleron o café, e para a Plaza de Abastos que foron a vendelo. Salváronse dunha boa.

Tamén, estando no servizo militar, Carlos volvía da súa casa ao cuartel, en Ferrol, tras uns días de permiso, e levaba uns quilos de café no petate para vender nos bares de Ferrol. Pero antes de subir ao tren, cachouno a garda civil, fixéronlle desfacer o petate e atoparon o café, que lle quixeron requisar. Entón meu avó díxolles: “Bueno, pediumo persoalmente o meu comandante (do que era chófer), se queredes falalo con el...” E a garda civil non quixo saber mais e deixárono continuar.

Anécdotas dese tipo hainas a centos, xa que os salarios eran moi baixos e non daban para sacar á familia adiante.

Durante a transición, moitas cousas comezaron a cambiar pero a golpe de folgas e presión por parte dos traballadores. Na empresa de autobuses onde era conductor o meu avó, pagábanlle o soldo, mais as horas extra e o plus dos domingos, non. E el, que era tamén un dos enlaces sindicais, tivo a paciencia de facer un documento onde constaban todas as horas extras e todos os días sen pagar que se lles debía a todos os traballadores durante sete anos. Denunciaron á empresa e foron a xuízo, gañaron e a empresa estivo durante un par de anos pagando pouco a pouco todo o que se lles debía a cada un deles. Este tipo de actos ás veces tiñan consecuencias para os traballadores, o avó conta que tivo en varias ocasións unha carta de despido, mais nunca se atreveron a botalo sen un motivo xustificado, pero respiraron aliviados cando el deixou voluntariamente a empresa para adicarse a outra actividade.

Penso que todas estas historias e as de moita máis xente, deberían ser recollidas para non esquecermonos desta dura época, ademais que algúns, mirando agora cara atrás, resultan incluso moi divertidos.